



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
ENSINANZA
SECUNDARIA DE POIO



CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES DE POIO
Curso 2023-
2024





1. Xustificación baseada no contexto

A diversidade é, tal e como se establece no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada profesional da educación, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo aquilo que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

No marco destes principios, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste, enténdese por atención á diversidade: o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Deste xeito, debemos ter en conta a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, na que se articula a atención á diversidade do alumnado desde un enfoque de promoción do **talento**, para garantir a igualdade e calidade educativa para a totalidade do alumnado do noso centro, conseguindo así un sistema educativo equitativo e accesible para todos e para todas.



2. Identificación e valoración das necesidades

As necesidades do alumnado abarcan tanto o plano académico como o emocional. No primeiro destácase, por un lado, dificultades na comprensión escrita, razoamento abstracto, reprodución de contidos de maneira mecánica, baixa tolerancia á frustración, pouca flexibilidade cognitiva... Por outro lado, tamén se detectan necesidades relacionadas cos talentos do alumnado, necesidade de exploración de diferentes aspectos máis alá da materia, de conexión dos contidos das diferentes materias e de traballos competenciais.

No aspecto emocional destaca a necesidade de comunicación entre os iguais, de xestión de conflitos e de clarificación persoal sobre as emocións propias e alleas.

3. Determinación dos obxectivos

O obxectivo xeral desta planificación é **dar resposta á diversidade do alumnado do IES de Poio**, a través de distintas medidas que respondan as súas necesidades individuais e contribuír así á consecución das competencias clave e obxectivos da etapa na que se atopan.

Para conseguilo, teremos en conta os seguintes obxectivos específicos:

- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada estudante.
- Facilitar ao alumnado con necesidades específica de apoio educativo



unha resposta adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.

- Lograr a implementación dos os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) na planificación diaria da aula.
- Clarificar as responsabilidades de cada profesional do equipo educativo nun contexto de cooperación.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro de cara a mellorar a eficacia das accións deseñadas.
- Coidar o desenvolvemento social e emocional do alumnado, por seren aspectos que contribúen na conformidade da identidade persoal de cadaquén.
- Contribuír o desenvolvemento persoal e profesional do profesorado, á formación, á innovación e á calidade no seu conxunto.

4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse **medidas ordinarias** (art. 42 da Orde do 8 setembro 2021) de atención á diversidade aquelas que faciliten a *adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.*

Estas medidas, explicadas no Anexo I, teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.



Para ter en conta a diversidade do alumnado, partiremos sempre das medidas ordinarias e só unha vez esgotadas estas, e de non ser suficientes, pasaríamos a outras medidas de carácter máis extraordinario. Ver o Anexo II onde se adxunta unha proposta de medidas ordinarias e de pautas sobre como realizalas.

As medidas ordinarias de atención á diversidade coas que contamos son:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado:

Trátase de medidas de tipo organizativo básicas, que se poñen en marcha a nivel de centro e de aula, para o desenvolvemento da actividade educativa.

Adecuación das programacións didácticas: os distintos departamentos didácticos terán en conta as características particulares do contexto e do alumnado do centro en conxunto para a súa axeitada elaboración.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Segundo os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, e tal e como aparece no artigo 4 da actual LOMLOE (2020), empregaranse metodoloxías de traballo colaborativo que garantan e faciliten todos os apoios que o alumnado requira.

O profesorado procurará e será o responsable de empregar alternativas metodolóxicas que melloren a aprendizaxe do alumnado, segundo as materias, ámbitos, espazos ou tempos de cada persoa.

Adaptación dos tempos/instrumentos/procedementos de avaliación:



O longo do curso 2022/2023, tras a anterior implementación da flexibilización dos instrumentos de avaliación, manterase do mesmo xeito no caso do alumnado que presente trastorno de aprendizaxe / Dislexia, Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, Trastorno dentro do Espectro Autista ou con calquera outra discapacidade que o sitúe nunha posición de desvantaxe co resto do alumnado.

Tendo en conta os protocolos publicados pola Xunta de Galicia e a lexislación vixente, recoméndouse a seguinte adaptación dos instrumentos de avaliación para aquel alumnado que o poida necesitar:

Recomendacións xerais para adaptar á avaliación ao alumnado con discapacidade ou necesidade específica de apoio educativo.

- Proporcionar tempo adicional nas probas de avaliación escrita ou reducir o número de preguntas a contestar
- Realizar os exames longos en dúas sesións.
- No caso de que se considere oportuno e á vista da adaptación, lerlle as preguntas, asegurando que escoitou e comprendeu o que se lle pide.
- Recordarlle ao alumnado que revise o exame antes de entregalo e animalo a rematalo en caso de que deixara algunha pregunta sen contestar.
- Avaliar as probas en función do contido. As faltas de ortografía non deben influír de forma negativa na puntuación final da proba.
- Ofertar a posibilidade de facer exames orais ou de que o alumnado complete ou explique posteriormente os exames escritos, completando con máis coñecementos as respostas.
- Avaliar a través da elaboración de traballos previamente estruturados.

FORMATO



- Propoñer distintos tipos de probas: oral, escrita ou por ordenador (procesador de textos).
- Ter en conta ao alumnado á hora de elixir o tipo de preguntas que se van incluír na proba: de verdadeiro/falso, frases para completar, elección múltiple (tipo test), esquemas, preguntas curtas, completar un esquema, definicións, etc.
- Adaptar a proba
- Destacar as palabras clave no enunciado das preguntas
- Utilizar preguntas claras, curtas e sinxelamente formuladas
- Apoiar visualmente as respostas (enumerando, encadrando, mediante liñas,...)
- Reducir o número de preguntas por folia
- Introducir actividades de relacionar con apoio visual
- Aumentar o tamaño da letra e aumentar o interliñado
- Apoiar o exame escrito con gráficos o imaxes
- Empregar como fonte OpenDyslexic se o alumnado ten dislexia

É aconsellable levar a cabo esta adaptación dos instrumentos e estratexias de avaliación tendo en conta, sobre todo, as posibles necesidades específicas que se poidan presentar no centro.

En canto ao procedemento específico de detección e valoración de necesidades, cando o equipo docente dun alumno/a detectara dificultades que non se solucionen a través das medidas ordinarias, a través da persoa titora derivará o caso ao departamento de orientación, comunicando á familia a necesidade da realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Aula de atención educativa e convivencia:



Tal e como aparece regulado no art. 47 da Orde 8 de Setembro de 2021 son aquelas aulas nas que temporalmente aténdese ao alumnado que, pola súa conducta inadecuada, impida un desenvolvemento axeitado do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Exención de 2ª lingua estranxeira:

O alumnado dos cursos 1º e 2º ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo segundo a **Resolución do 6 de xuño de 2023**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

A previsión para o curso 23/24 é a seguinte:

Grupo	Nº Alumnado
1ºESO	15
2ºESO	13

O alumnado figurará nos documentos de avaliación como exento

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

O reforzo afecta aos elementos non prescriptivos do currículo (organización da aula, metodoloxía, instrumentos de avaliación) e o desenvolvemento de dita medida levarase a cabo no contexto ordinario e polo profesorado que imparta a área, materia ámbito ou módulo. Aínda que tamén debemos ter en conta que, segundo a Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario docente, o profesorado con dispoñibilidade horaria levará tamén a cabo os reforzos que



sexan necesarios para dar resposta ás necesidades e características do seu alumnado.

Ao final de curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo. Como novidade, no anexo I da Orde do 8 de Setembro de 2021, figura un modelo orientativo deste informe.

Este curso haberá apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria na materia de matemáticas en 1ºESO e o profesorado das distintas materias realizará reforzos educativos ao alumnado que sexa necesario ao longo do curso. Ademais, parte do profesorado entrará en aula para realizar apoios dentro das súas 7 horas de permanencia no centro non fixadas.

Plan de recuperación:

Tal e como aparece especificado no artigo 51 da Orde do 8 de Setembro do 2021 para o alumnado de educación secundaria obrigatoria, será destinado a aquelas alumnas e alumnos que teñan materias sen superar de 2º, 3º e 4º da ESO. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumno ou alumna teñan pendente de superar, e adaptarse as súas particularidades, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico.

Programa de habilidades sociais:

De conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de Xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o DO do centro será o responsable de elaborar un programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais como procedemento corrector a aquel



alumnado que incorra reiteradamente en condutas que interrompan o proceso de ensinanza – aprendizaxe do grupo clase.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta *ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo.*

Aplicaranse una vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección educativa, da Xefatura territorial ou da Secretaría Xeral que corresponda.

Apoio da profesora especialista en PT

Segundo o artigo 57 da actual Orde do 8 de Setembro do 2021, o apoio da persoa especialista en Pedagogía Terapéutica enténdese como o recurso dirixido especialmente a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais.

Este apoio realizarase polo profesorado tanto nas aulas como fóra delas naqueles casos nos que sexa necesaria unha atención máis individualizada. Os apoios realizaranse prioritariamente nas áreas instrumentais básicas (lingua galega, lingua castelá e matemáticas), priorizando un apoio de calidade a un de cantidade.

Na selección do alumnado cabe sinalar que recibirá apoio aquel alumnado que presente desfase curricular significativo e se considere que só



coa atención personalizada do profesor/a dentro do grupo clase non vai ser suficiente para que progrese adecuadamente.

Tamén acudirá alumnado que necesite un apoio específico nalgunha materia instrumental aínda que non precise unha adaptación do currículo. Este reforzo terá carácter provisional. Tamén acudirá a aula alumnado con discapacidade e con TDAH.

As familias do alumnado susceptibles deste apoio serán informados polos titores/DO das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar. O departamento de orientación colaborará no asesoramento das medidas.

Os horarios de atención ao alumnado con necesidade de apoio educativo realizaranse a comezos do curso escolar e na súa confección participarán a xefatura de estudos, a xefatura do departamento de orientación e as especialistas en PT, tendo sempre en conta que a atención na aula de apoio non supere un tercio da xornada escolar do alumno/a, tal e como establece a *Orde 8 de Setembro de 2021*.

Neste curso 2023/2024 a relación de alumnado que recibirá dito apoio é o seguinte:

Grupo	Nº alumnado
1º ESO	10
2º ESO	1
4º ESO	2

Adaptacións Curriculares

Para a aplicación desta medida seguirase o procedemento establecido no artigo 55 na *Orde do 8 de setembro de 2021*, segundo a cal esta medida implica a modificación, ampliación ou redución de un ou máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios



de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna.

Para a adopción desta medida é necesaria unha avaliación psicopedagóxica realizada pola xefatura do departamento de orientación, que xustifique como a medida mais adecuada para atender as necesidades educativas dunha alumna ou alumno e despois da aplicación doutras medidas de carácter ordinario.

Estas adaptacións axustaranse ao nivel de competencia curricular da persoa, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como as súas características persoais ou sociais. Partirase do currículo de referencia para chegar ao adaptado, entendido como aquel que conforma a adaptación curricular e que vai ser levado a cabo o longo do ciclo ou curso.

No presente curso levaranse a cabo dúas adaptacións curriculares en 1ºESO.

5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

A organización e distribución dos recursos será estudada ao inicio do curso, priorizando aqueles nos que se detecten necesidades. As medidas ordinarias organízanse para toda a ESO e Bacharelato e, medidas extraordinarias como a atención do profesorado de Pedagogía Terapéutica, priorizarase nos dous primeiros cursos e a demanda en 3º e 4ºESO.

A distribución de recursos dependerá enormemente da dotación de profesorado para ese curso académico, sendo necesaria a inversión no eido da convivencia.



6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

Con data de 8 de Novembro de 2023 constitúese o departamento de orientación coas seguintes persoas como membros:

Persoa	Cargo
Iria Costas Carragal	Xefa do DO
M ^a Andrea Carramal Martínez	PT
María Pérez Díaz	PT
Víctor Alonso Macías	Titor do ámbito científico-tecnolóxico
Lidia Garrido Gómez	Profesora do ámbito lingüístico-social
Laura Fernández Sasiaín	Profesora de FOL

As reunións do membros do departamento celébranse en horario de mañá, os mércores de 9:40 a 10:30, cunha frecuencia mínima mensual.

Establécese ademais unha reunión trimestral coas orientadoras dos centros adscritos CEIP Viñas, CEIP de Chancelas, CEIP Isidora Riestra, CEIP Espedregada, CEIP de Lourido.

Concreción das actuacións dos distintos profesionais

Temp.	Tarefas	Responsables
Setembro	Revisión das memorias do curso pasado, plans de reforzo e intervención de PT	Xefatura do DO e PT
	Tramitación das becas NEAE e remisión á Inspección	XDO



	Traslado da información do alumnado ás persoas titoras	XDO
	Revisión dos expedientes do alumnado de nova incorporación	DO
	Valoración das necesidades do alumnado	Equipo docente DO
	Elaboración dos horarios provisionais do departamento	Xefatura de estudos XDO
	Elaboración dos plans de intervención de PT	Mestras de PT
	Preparación das avaliacións iniciais	Profesorado titor XE
	Solicitud dos Contratos Programa	Equipo directivo e XDO
Outubro	Elaboración do horario de PT en base ás necesidades detectadas	XE e XDO
	Elaboración da concreción anual da PXAD	DO
	Avaliacións iniciais da ESO, BAC e Ciclo Medio	XDO, XE e persoas titoras
	Elaboración das Adaptacións Curriculares	XDO, profesorado da materia e apoio PT
Febreiro	Visita do alumnado dos centros adscritos coincidindo coa celebración do proxecto interdisciplinar de centro	XDO
Xuño	Preparación dos informes do departamento do alumnado que cambia de centro	XDO
	Asesoramento ás persoas titoras para cubrir o Consello Orientador	XDO
	Elaboración da relación de alumnado susceptible a aplicar MAD para o vindeiro curso	XDO e PT
	Establecemento da relación do alumnado susceptible para a incorporación a un PDC ou CFGB	XDO
	Reunión coas xefas do departamento de orientación dos centros adscritos para facilitar a transmisión da información do alumnado de nova incorporación	XDO
Xullo	Elaboración da memoria do departamento	XDO
	Coordinación das actuacións para o seguinte curso no eido	XDO



	da atención á diversidade e convivencia	
Ao longo do curso	Formación ás familias no eido da convivencia e atención á diversidade a través das ENAPAS	XDO
	Asesoramento ao profesorado sobre a revisión das MAD aplicadas	XDO, PT e profesorado das materias
	Atención ao alumnado con necesidades no eido emocional, social ou académico/profesional	XDO
	Asesoramento ao profesorado sobre adaptacións dos procedementos e instrumentos de avaliación	XDO
	Asesoramento ao profesorado sobre a implementación de metodoloxías activas que atenden á diversidade	XDO
	Asesoramento ao profesorado sobre a implementación do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)	XDO
	Notificación ao profesorado sobre cambios na situación emocional, social e académica do alumnado	XDO
	Asesoramento ao profesorado titor en canto a actividades para realizar nas titorías	XDO
	Cubrir datos nos aplicativos DRD, DRDadi, DRDorienta	XDO
	Posta en marcha de actuacións cun enfoque de convivencia restaurativa e asesoramento ao profesorado nese eido	Equipo de convivencia e XDO
	Participación nas sesións de avaliación	XDO

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

Por unha banda, o profesorado titor de 1º e 2º da ESO ten programadas reunións semanais co departamento de orientación e a xefatura de estudos nas que se abordan diferentes casuísticas que requiren a atención de ambas figuras.

Ademais, as persoas titoras de 3º, 4ºESO e 1º e 2ºBAC e Ciclos Formativos tamén contan co asesoramento e intervención do departamento de orientación baixo demanda.



Por outra banda, o propio departamento de orientación, segundo o Decreto 120/1998, conta con reunións semanais de coordinación e seguimento e, cos centros adscritos, as reunións serán trimestrais.

8. Liñas de colaboración coas nais, pais ou titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro

O departamento de orientación manterá reunións de coordinación e intercambio de información de forma constante ao longo do curso coas familias e servizos externos ao centro.

No que respecta ás familias, colaborarase de xeito continuado en función das necesidades existentes e, sobre todo, en momentos cruciais como poden ser as avaliacións iniciais e as posibles avaliacións psicopedagóxicas.

En canto aos servizos externos ao centro, desde o equipo de orientación manterase un estreito contacto coas psicólogas, psiquiatras ou profesionais que interveñan co alumnado, coa fin de intervir na mesma liña para asegurar coherencia e que as actuacións sexan eficaces. Tamén se manterá un contacto frecuente con servizos sociais, servizos de menores, o persoal de RAOGAL e, de ser o caso, co Equipo de Orientación Específico.

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

O proceso da solicitude dunha medida de atención á diversidade extraordinaria é o seguinte:

	Actuacións	Responsables
1º	Solicitude de actuación	Familia, profesorado ou



		servizos externos
2º	Entrevista coa familia	Titor/a e XDO
3º	Valoración dunha posible avaliación psicopedagóxica. Elaboración do informe psicopedagóxico de ser preciso.	XDO
4º	Comunicación dos resultados e das medidas propostas	XDO
5º	Elaboración dos documentos pertinentes	Profesorado, persoas titoras, Xefatura de Estudos e XDO
6º	Elaboración do dictame de escolarización, se procede	XDO e EOE se procede
7º	Solicitud de autorización á Inspección Educativa ou a Xefatura Territorial	Dirección
8º	Autorización	Inspección Educativa ou Xefatura Territorial

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

O seguimento e a avaliación do Plan de Atención á Diversidade farase en dous momentos diferenciados:

1. Nas sesións de avaliación trimestrais valorarase a adecuación das medidas adoptadas ás necesidades do alumnado e o seu resultado.
2. Ao final de curso decidirase a continuación ou modificación das medidas adoptadas, contrastando as experiencias nunha reunión entre o profesorado, a orientadora e a xefatura de estudos, valorando que medidas redundaron nunha mellor adecuación ás necesidades do alumnado e modificando aquelas que se considere necesario.

Poio, a ___ de _____ de 202

Asdo.



Xefatura do departamento de orientación

Iria Costas Carragal

Anexo I

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinamentos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Medidas ordinarias de atención á diversidade	
Medidas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo (sen alteración dos seus obxectivos, contidos nin criterios de avaliación) ao contexto sociocultural dos centros e ás características do alumnado	
Artigo 43. <i>Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado</i>	Adaptar a estrutura organizativa á diversidade do alumnado, cunha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos. Na organización e na xestión das aulas búscase a participación de todo o alumnado , o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida
Artigo 44. <i>Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno</i>	O profesorado desenvolve as programacións didácticas tendo en conta o nivel de competencia curricular do alumnado e as axudas que precise. Facilitando espazos de participación e tendo en conta os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)
Artigo 45. <i>Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión</i>	Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA), poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos , a aprendizaxe por proxectos , o aprendizaxe servizo (APS) e a titoría entre iguais , etc. O profesorado emprega as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as materias, os espazos e os tempos.
Artigo 46. <i>Adaptación dos</i>	Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de



<p><i>tempos, dos instrumentos e dos procedementos.</i></p>	<p>avaliación poderán considerar a forma de comunicación que o alumnado precise, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. O profesorado informará ao alumnado sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado o producido polo alumnado co esperado ou demandado polo profesorado. Prestarase atención ás propostas de avaliación que figuran nos <i>plans, proxectos, programas ou guías e protocolos</i> elaborados pola Consellería.</p>
<p>Artigo 47. <i>Aulas de atención educativa e convivencia.</i></p>	<p>Son aquelas nas que se atende, temporalmente, ao alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo clase. Corresponde ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou alumno deben realizar, así como corrixilas e avalialas.</p>
<p>Artigo 48. <i>Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</i></p>	<p><u>Reforzo educativo</u>: afecta á secuencia dos contidos, ás formas e os instrumentos de avaliación, á organización da aula, agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe. Elaborada polo docente que imparta a materia, con coñecemento do profesorado titor. Deberá informarse á xefatura de estudos e á familia e/ou titores legais. Levarase a cabo no contexto ordinario.</p> <p><u>Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</u>: colaboración co profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa coma un apoio xeral ao conxunto da aula (docencia compartida).</p>
<p>Artigo 49. <i>Programas de enriquecemento curricular</i></p>	<p>Programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta AACC. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquietudes, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación. Debe desenvolverse na aula ordinaria, terá como referente o currículo do curso no que está escolarizado o alumno. Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular</p>



	reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
Artigo 51. Plan de reforzo para el alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar	<p>Será elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.</p> <p>Farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaráselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso no que estean escolarizados o alumno ou a alumna, o docente da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta a efectos de promoción e/o titulación.</p>
Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso	<p>Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvólvese ao longo de todo o curso.</p> <p>En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizáselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informásesé sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.</p>
Artigo 53. Programas de habilidades e competencias sociais	<p>Promove a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvólvense en todas as materias e terán a consideración de elementos transversais do currículo.</p> <p>De conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que</p>



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
ENSINANZA
SECUNDARIA DE POIO



	<p>se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elabora e desenvolve un programa que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.</p>
--	---



Anexo II

Proposta de medidas ordinarias

FOMATO/MATERIAIS

Diversificar o tipo de preguntas: encher ocos, V/F, Si/Non, A,b,c...	
Flexibilizar o número de preguntas	
Variar o tipo de letra	
Aumentar o interliñado entre as frases	
Usar letras máis escuras e o subliñado para resaltar as palabras clave	
Subdividir as preguntas longas en diferentes apartados	
Secuenciar as tarefas e exercicios segundo o grao de dificultade	
Evitar copiar enunciados	
Non forzar la lectura en voz alta	
Facilitar ao alumnado esquemas, guións e recordatorios para realizar as tarefas no proceso de E/A	
Posibilitar a avaliación ORAL	
Simplificar as instrucións escritas	
Subliñar previamente as partes máis importantes do texto	
Fraccionar os textos en partes máis pequenas ou eliminar partes do mesmo cando dean información redundante	
Realizar un glosario de termos novos que lle aparezan en las diferentes materias	
Proporcionar esquemas ao alumnado antes de dar a materia	
Gravar materiais audiovisuais vistos en clase	



CURRICULAR	
Pactar los erros ortográficos nas tarefas e probas de avaliación	
Dar máis importancia ao contido que do que se avalían que ao formato das probas	
Adaptar os libros de lectura ao nivel lector do alumnado	
Introdución á lingua de signos	
Actuacións e/ou programas preventivos de dificultades de aprendizaxe (exemplo: Dytective)	
Planificación personalizada de actividades de ampliación e reforzo como parte das unidades didácticas e proxectos	
Adecuación personalizada das programacións didácticas	
Actividades de ensinanza intensiva das linguas da comunidade	
Actuacións y programas de enriquecemento curricular	
Desenvolvemento da docencia directa, actividades de aprendizaxe e avaliación, co alumnado con escolarización domiciliaria u hospitalaria	
Permanencia un ano máis no mesmo curso (repetición excepcional)	

METODOLOXÍA	
Aclarar dúbidas de forma individualizada antes de comezar as tarefas e exames	
Potenciar a aprendizaxe multisensorial (soporte visual, auditivo, táctil, etc.)	
Posibilitar o uso de correctores de texto co computador e lectores de texto ("Reading Toolkint" por exemplo)	
Potenciar o uso de mapas mentais	
Supervisar tarefas e exames para evitar esquecementos	
Controlar o uso da axenda diariamente	
Engadir exemplos como un modelo para a execución das actividades de aprendizaxe e avaliación	



Valorar a formulación das actividades e non só o resultado.	
Complementar os datos con gráficos e imaxes para así facilitar a comprensión das actividades	
Expor os problemas con enunciados curtos, secuencias ordenadas e con soporte visual (gráficos, figuras, etc.)	
Uso de metodoloxías activas: ABP, AB Problemas, Método do caso, simulación, A. Cooperativo, Contrato de aprendizaxe, A. Baseado en servizos, gamificación, Aprendizaxe vivencia, ambientes de aprendizaxe etc.)	
Actividades máis minuciosas e máis canles ou modalidades sensoriais de representación	
Asegurarnos en cada momento que o alumno/para ha entendido a tarefa	
Asegurarnos en cada momento que ou alumno/para entendeu a tarefa	
Dar información verbal e visual ao mesmo tempo. Introducir materia por medio de imaxes, diapositivas, vídeos, etc.	
Escribir os apartados e o vocabulario máis significativo do tema na lousa antes da explicación.	
Utilizar técnicas de aprendizaxe cooperativa, por parellas ou en pequenos grupos.	
Colocar ao alumno/a preto do profesorado	
Permitir o uso de soporte material como: abecedario, esquemas, regras ortográficas, guións que enumeren como se realiza o exercicio, soporte visual (debuxos, pictogramas ou imaxes reais), ábacos, táboas de multiplicar, calculadora...)	
Mostrar o traballo realizado ao resto de alumnos para mellorar a súa autoestima	
Utilizar o ensino entre iguais. Xuntar alumnos/as de diversos niveis para repasar as actividades ou preparar exames.	
Permitir actividades adicionais (tarefa descanso, ampliación, motivación, etc.)	
Dividir as probas de avaliación en varias sesións	



Aprendizaxes relacionados (Transversal e integrado)	
Necesidade de partir do concreto ao abstracto	
Acceso ao mundo físico a través doutros sentidos (Déficit visual, déficit auditivo...)	
Apoios previos ás sesións	
Flexibilización do tempo, menos preguntas de maneira escrita	
Flexibilización dos instrumentos de avaliación	
Lectura fácil	
TICs específicas	
Actuacións de éxito (Includ-ed): Grupos interactivos, faladoiros dialxgicas (literarias, musicais, artísticas...), formación de familiares, participación educativa da comunidade, modelo dialóxico de prevención e resolución de conflitos, formación dialóxica do profesorado.	
Apadriñamento Lector	
Estratexias de enriquecemento	
Ensino multinivel	
Personalización das programacións didácticas	
Reforzo pedagóxico (Desdobre, grupos flexibles, docencia compartida...)	
Plan de reforzo pedagóxico (Alumno/a repetidor ou acollida)	
Contrato pedagóxico: Alumnado- Docente	
Aplicación de estratexias e técnicas metodolóxicas que non requiren materiais singulares e/o persoal especializado de apoio docente, non docente ou externo polo seu desenvolvemento.	
Programas específicos de adestramento en estratexias de aprendizaxe (autoinstrucións/Técnicas de Traballo intelectual/ rutinas de pensamento...)	
Recunchos de aprendizaxe	



ESPAZO/TEMPO/ORGANIZACIÓN	
Adaptacións arquitectónicas	
Flexibilizar o tempo para facer as tarefas e probas de avaliación	
Valorar a localización do alumno/a dentro da aula (posibilidade dun compañeiro titor, proximidade ao profesor, amigo invisible, TEI, etc.)	
Espazos accesibles e comprensibles	
Redución/Aumento de estímulos (sonoridade, iluminación, etc.)	
Aumento da sinalización (accesibilidade)	
Anticipación / Rutinas / Planificador	
Organización e planificación (Exemplo: "Método Teacch")	
Adecuación e accesibilidade personalizada dos medios comúns (escenarios, mobiliario, recursos tecnolóxicos e materiais didácticos e curriculares)	
Accesibilidade personalizada dos medios comúns ás actividades extraescolares e complementarias.	
Organización dos espazos para o desenvolvemento dos agrupamentos heteroxéneos para as actuacións ou programas adicionais neste nivel.	
Supervisión da accesibilidade física, sensorial e cognitiva de espazos e mobiliario das aulas e outros espazos dentro e fóra do centro onde se desenvolven as actividades.	
Apoio especializado dentro da aula ordinaria.	
Apoio non especializado dentro da aula ordinaria.	
Estratexias organizativas inclusivas: biblioteca titorizada	
Ampliación e mellora das estruturas de coordinación e cooperación entre os diferentes órganos do centro: ciclo e equipo docente para a adecuación da resposta educativa.	



Ampliación e mellora de estrutúrelas de coordinación e cooperación con recursos externos que interveñen co alumnado pola adecuación da resposta educativa (extraescolares, CAT, USMIA, etc.)	
Desdobramentos	
Docencia compartida	
Ambientes de aprendizaxe	
Grupos interactivos	

MATERIAIS E RECURSOS	
Pictogramas	
Produtos de soporte (axudas técnicas)	
Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación	
Permitir o uso do dicionario en determinadas actividades	
Uso da calculadora cando o obxectivo que se avalía non sexa a capacidade de calcular	
Poder usar o ordenador para realizar tarefas e exames	
Posibilitar o uso de Tablet ou ordenadores para coller apuntes	
Facilitar o uso de fórmulas, táboas de multiplicar, etc.	
Adecuación e accesibilidade	
Soporte material como: abecedario, esquemas, regras ortográficas, guións que enumeren como se realiza o exercicio, soporte visual (debuxos, pictogramas ou imaxes reais), ábacos, táboas de multiplicar, calculadora...)	

EMOCIONAL/INTERPRESIONAL	
Mellorar a competencia social	
Mellorar o historial de aprendizaxe para xerar oportunidades de éxito	



Mellorar a imaxe persoal e o auto concepto	
Titorías afectivas / Titorías individualizadas/Titorías personalizadas/ compartida/ TEI	
Acompañamento alumnado e familias	
Actuacións ante violencia e acoso	
Respecto, tolerancia e empatía (Programas de autorregulación, HH comunicativas e interpersoais...etc.)	
Talleres de reforzo (Fondo social europeo, prevención absentismo e abandono escolar)	
Acompañamento personalizado para desenvolver a autoestima e auto concepto desaxustados, as habilidades sociais e comunicativas e/o a confianza nas propias posibilidades e fortalezas.	
Compromiso familia-titor / Compromiso Titor- Alumno/a	
Dinámicas interpersoais na aula para favorecer as relacións positivas entre o alumnado	
Sociograma de aula	
Actividades de titoría para favorecer un bo clima de aula.	
Actividades de titoría para desenvolver habilidades de comunicación interpersoal e establecer relacións de amizade e axuda mutua.	
Organización de actividades colectivas que fomentan o traballo en equipo e os grupos cooperativos.	
Actuacións para grupos de alumnos, fóra do horario lectivo, para a participación en actividades sociais, culturais e de lecer.	

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Planificación adecuada das coordinacións con servizos externos	
Accesibilidade personalizada dos medios comúns con sistemas alternativos de	



comunicación.	
Proporcional múltiples formas de representación (DUA)	
Actividades de ensino intensivo das linguas para o alumnado de nova incorporación ou procedente doutras comunidades.	

ACTITUDINAIS	
Sensibilización grupo/clase	
Posta en marcha de medidas de convivencia que favorezan actitudes positivas de compañeirismo e axuda mutua (TEI, apadriñamento lector, DUADOS, Círculo de amigos, etc.)	
Posta en marcha de iniciativas para mellorar a convivencia (mediación, observadores e ciberobservadores de convivencia, etc)	
Medidas de sensibilización dirixidas ao alumnado/a cara a a diversidade e o seu valor positivo.	
Medidas de protección ou medidas pedagóxicas correctoras concretas co alumno/a	

VALORES E NORMAS	
Actuacións de acompañamento para garantir o dereito á expresión de xénero e a intersexualidade	
Actuacións de mediación intercultural na aula (alumnado, titor, CE, ...)	
Actuacións específicas de sensibilización ante a diversidade de etnias e culturas por parte do persoal especializado (dirixido ao alumnado de nova incorporación e ao grupo ao que se incorpora).	
Actuacións específicas de coñecemento e respecto cara á diversidade funcional, sociocultural, afectivo-sexual, de xénero e familias por parte do persoal especializado.	
Aula de convivencia	



Acompañamento personalizado para a adquisición de estratexias e habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a interacción positiva en varios contextos.	
Titorías afectivas	
Aula convivencia	
Mediación	
Desenvolvemento de actividades de educación sexual secuenciada por niveis.	
Actividades de carácter coeducativo, igualitario e inclusivo na aula.	

AUTOREGULACIÓN E MOTIVACIÓN	
Uso de estratexias motivacionais para favorecer a participación nas actividades da aula e do centro: relacionar os contidos para explicar coas ideas previas, uso de axudas conceptuais.	
Traballo específico na aula da educación emocional mediante o uso dos contos, vídeos e metodoloxías activas e participativas como o role-playing e as dramatizacións	
Uso de múltiples formas de presentación da información ao deseñas as actividades	
Uso de múltiples formas de expresión do coñecemento adquirido	
Uso de múltiples formas de motivación	